
Caracterización das fórmulas dialogadas na Idade Contemporánea

César Camoira Vega

Colaborador externo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Resumo:

Tras unhas consideracións xerais en torno aos diálogos, aparecidos en Galicia durante o Prerrexurdimento, este artigo describe as principais características e o contido dalgúns textos.

Palabras chave:

Diálogos, tertulias, lingua galega, Prerrexurdimento.

Sumario:

1. Definición. 2. Contextualización histórica e literaria. 3. Caracterización interna. 4. Inventario textual. Bibliografía.

Characterization of the dialogues in the Contemporary Age

Abstract:

After some general remarks concerning the dialogues, appeared in Galicia during the Prerrexurdimento, this article describes the main characteristics and content of several texts.

Key words:

Dialogues, gatherings, galician language, Prerrexurdimento.

Contents:

1. Description. 2. Historic-literary context. 3. Analysis of internal features. 4. Inventory of texts. Bibliography.

1. Definición

Estamos diante dunha serie de textos satíricos e populares da primeira metade do século XIX que abordaban diferentes cuestións históricas, sociais, políticas e ideolóxicas da época. Procuraban a divulgación da polémica entre absolutistas e liberais, as denuncias sociopolíticas e a arenga política.

O xermolo radicaba nos diferentes acontecementos históricos e políticos da época, como as invasións francesas, as loitas de liberais e absolutistas e maila guerra contra os carlistas. En España, a primeira lingua usada nestes textos foi a catalá, feito constatábel na gazeta semanal de Jaume Romeu (1641) e dous séculos despois nas cabeceiras *Lo Pare Arcángel* e *Lo Verdader Catalá*. Para o caso galego, a lingua autóctona apareceu por dúas razóns, a falta de alfabetización da cidadanía e a cercanía coa oralidade, co obxecto de acadar adoutrino e divulgación do ideario político.

2. Contextualización histórica e literaria

A produción, redactada en galego, xurdiu no medio dunha enorme cantidade de diálogos e artigos escritos en castelán, dados a coñecer na prensa da época. Os períodos de maior presenza foron 1810–1814, cuxa temática foi a Inquisición, os décimos, os dereitos eclesiásticos e os diferentes posicionamentos verbo da Constitución de 1812; 1820–1823, intervalo caracterizado pola defensa e a difusión do texto constitucional de 1812, e 1836–1837, etapa definida polo predominio de textos liberais e a diversidade temática, que abrangía a expulsión dos xesuítas en 1767, a guerra carlista e a desamortización de Mendizábal. Precisamente nesta última fase saíron á rúa periodicamente, dende setembro ata decembro de 1836, sete dos dez textos, conservados en Santiago de Compostela, cun inequívoco vellelo co eido universitario.

Os textos tiveron vixencia non só no período preliterario, senón durante o século XIX con diversos autores (Pedro Boado Sánchez, Francisco Mirás, Vicente Turnes del Río Maldonado, etc.) e posteriormente Valentín Lamas Carvajal. Na actualidade sábese da perda de abundante documentación por mor do restabelecemento do absolutismo, o que conlevou a supresión da maioría das publicacións e o embargo de toda a literatura política de sesgo liberal.

3. Caracterización interna

Os diálogos e as tertulias, pioneiros na propagación do galego no rexistro formal, creáronse para seren lidos en pequenos faladoiros e tertulias, motivo polo cal presentaban moitas concomitancias co relato de transmisión oral. Singularizábanse pola finalidade propagandística; a autoría anónima na maioría dos casos, a pesar de existiren textos nos que asinaban con siglas (R. F. e F. R. A.) ou co nome enteiro (Manuel Acuña, José Fernández Neira e Vicente Turnes); a condición culta dos autores; e a estratexia tanto intertextual como intratextual, debedora dunha premeditación na alternancia e na continuidade das referencias presentes nos escritos.

Moitas composicións viron a luz en follas soltas, folletos de extensión variábel, dende oito ata dezaseis páxinas, e xornais de diverso signo político, entre eles a *Gazeta Marcial y Política de Santiago* e a *Estafeta de Santiago*. Transmitíase a información de forma cribel a través do apoio proporcionado pola presentación dos personaxes, as descrições das situacións e o emprego da fórmula pregunta–resposta. Todo isto conlevaba axilidade e evolución temática.

A narración artellábase en tres partes: presentación, nó e desenlace. Delas, a segunda é a máis extensa da conversa debido á introdución de personaxes novos e mudanzas temáticas. Pola súa parte, os personaxes rexístranse con nomes, apelidos e alcumes populares (Dominjos e Andruco). Por certo, o nome de Catûxa supuxo a introdución da figura feminina en condicións de igualdade respecto á masculina.

Nos textos, segundo Aneiros Díaz e López García (2005: 230–233), detéctanse os seguintes estereotipos de personaxes:

- Aqueles que conducen os diálogos e proporcionan información ao resto de contertulios. Pénsese, por exemplo, en Vilas, na *Tertulia de Picaños* e en *Sigue la Tertulia de Picaños*; Farruco, no *Diálogo en la Alameda de Santiago*, e o cura, no *Diálogo segundo en la Alameda de Santiago*.
- Os personaxes neutros dosifican a narración e non proporcionan información. Algúns exemplos son Cristobo e Bartolo, no *Diálogo en la Alameda de Santiago* e no *Diálogo segundo en la Alameda de Santiago*, e mais Pepe, Andruco e Catûxa, na *Tertulia de Picaños* e *Sigue la Tertulia de Picaños*.
- Os personaxes contrapunto achegan argumentos maliciosos e de grande forza ao principio dos textos, aínda que son ridiculizados ao final. Temos os casos de Antón Terelo, contertulio da *Parola de Cacheiras*, e o cura. Este último elemento, consonte a intencionalidade do autor, aunaba o comportamento diglósico e un determinado posicionamento político, que se corrobora en diversos cometidos.

4. Inventario textual¹

Na actualidade contamos cos seguintes diálogos e tertulias:

- 1) *Rabioso el Arzobispo p[o]r no haber logrado Prebenda para su querido Andres, despachò parte de sus familiares, y entre ellos le tocò la china à su Estercolero Pedro Abelleira, y dandole el Pesame (como era regular) su Compadre Diego de Carbia, se sabe que pasò entre ellos dos la siguiente conversaciòn (1807).*

Este primeiro diálogo dos Esterqueiros, ao igual que o seguinte, é anónimo. A autoría podería pertencer ben a Antonio Benito Fandiño, polo tipo de letra do exemplar, ben a Manuel Freire Castrillón por ser unha copia dunha obra de Manuel Freire Castrillón, realizada dende o 16 de febreiro ata o 13 de marzo de 1807 polo mencionado Fandiño. Nel, o servente Pedro Abelleira relátalle ao seu compadre Diego Carbia os atrancos de Ros de Medrano para tomar posesión da doutoral. Xustifícase isto polos privilexios do arcebispo Rafael de Múzquiz a favor do candidato do bando manchego-navarro, sector xurdido, canda o galego, da escisión do Cabido.

- 2) *Pasando una de estas tardes el Autor del Diálogo de los Estercoleros por la Calle de Pitèlos, hallò à Pedro de Avelleira, que estaba al parecer tomando el sol, al tiempo que subia la cuesta de Sar Diego de Carbia. Luego que viò este à su compadre se dirige à el, y abrazandole empieza una graciosa conversacion, que por la diversidad y rareza de noticias juzgò digna de escribirse, y asi lo hizo en la manera siguiente (1807).*

Este segundo diálogo dos Esterqueiros redactouse tempo despois de tomar posesión da doutoral Ros de Medrano. Pedro Abelleira explícalle a Diego Carbia a elección do representante de máis idade, Ros de Medrano, tras un empate entre dúas candidaturas. Esta decisión suscitou unha reacción contraria do arcebispo Múzquiz e unha posterior aceptación, a causa da ameaza de Medrano de se querelar contra el na Real Audiencia.

Os dous textos dos Esterqueiros presentan seseo e gheada, aínda que non de xeito sistemático; a perda do iode na secuencia latina $-TIONE(M)$; a presenza de castelanismos léxicos e fonéticos; a abundancia de popularismos, e diversos dialectalismos, como a terminación $-S$ e $-NS$ para as palabras agudas terminadas en $-N$ cando falan, respectivamente, Abelleira e Carbia e a solución $-LES$ para as palabras graves acabadas en $-L$.

1 O seguinte corpus parte dos traballos de precursores e diversos alicerces do Rexurdimento, así como dos numerosos estudos realizados por investigadores da lingua galega durante os séculos XX e XXI.

- 3) *Proezas de Galicia, explicadas baxo la conversacion rústica de los dos compadres Chinto e Mingote, por D. José Fernández Neira, Oficial que ha sido de número de la Secretaría de la Junta Suprema del Serenísimo Reyno de Galicia, y actual tercero de Contaduría de la Real Fábrica de Cigarros del Mismo* (1810).

Apareceu na Coruña en 1810. Veu a lume na Imprenta de Vila cun formato de oitavo. Coñeceu unha segunda edición a cargo de Andrés Martínez Salazar, ilustrada por Urbano González e Román Navarro.

O diálogo dos protagonistas Chinto e Mingote debulla as aventuras vividas nos cinco meses anteriores ao reencontro. Pretendía concienciar sobre a necesidade de combater o exército francés e, asemade, homenaxear a cidadanía galega involucrada na Guerra de Independencia. Os especialistas considerárona exemplo de literatura de guerra, cunha finalidade propagandística moi clara, e inauguradora da literatura alicerzada no diálogo.

Malia figurar en castelán o título, o prólogo, a advertencia e algún inciso, a lingua manexada é a galega. Salienta o rexistro coloquial e “macarrónico” da lingua dos personaxes franceses. Resulta interesante a advertencia do autor ao/á lector/a coa intención de tentar evitar no diálogo voces e formas propias dun ámbito específico. Isto supón falta de coherencia coas solucións fonéticas e morfolóxicas estendidas en zonas reducidas. Pola súa parte, o estilo é moi fluído ao empregar rexistros propios da oralidade, exclamacións e expresións populares.

- 4) “Conversacion entre los compadres Bértolo y Mingote” (1813).

Artigo comunicado de tipo liberal que se publicou coa sinatura R. F. o 9 de febreiro de 1813 na *Gazeta Marcial y Política de Santiago*. Mariño Paz (2008) atribúe este texto e a *Conversa no adro dunha parroquia* a Juan Bautista Caamiña, a causa das numerosas coincidencias coa denuncia deste no Xulgado de Santiago de Compostela sobre as irregularidades electorais.

Dúas persoas charlan na praza do Hospital de Santiago acerca dos resultados galegos nos comicios electorais de 1813 para a segunda lexislatura das Cortes de Cádiz. Neles, a fidalguía e o clero ocuparon tódalas actas de deputado mediante fraudes e outras “anomalías”. Focalízase a atención na denuncia tanto das manipulacións efectuadas polas forzas reaccionarias como do posicionamento moral dos cargos electos.

- 5) *Conversa no adro da igrexa* (1813).

Este texto liberal viu a luz coas iniciais F. R. A. o 1 de abril de 1813 na *Gazeta Marcial y Política de Santiago*. Trata unha disputa entre diferentes labradores

acaecida o 28 de marzo de 1813 no adro dunha parroquia santiaguesa despois dun oficio relixioso. Os personaxes Domingo Aguiar, Alberto Bentisca, Pedro Cabeira e Juan Freyría amosan a satisfacción pola caída dos liberais que ocupaban a Rexencia. Tamén defenden a Constitución e atacan o absolutismo e a Inquisición. Presenta fluidez e interese debido ao rexistro coloquial e o mantemento do seseo da zona compostelá.

- 6) *La Tertulia en la Quintana, ó Diálogo entre Andruco, Xácobe e Alberte el día de Corpus* (1820).

Considerado o primeiro texto do trienio liberal, pertence a Manuel Acuña Malvar. Imprimiuse nas dependencias santiaguesas de Manuel Antonio Rey. Con motivo da procesión do Corpus, os personaxes Andruco, Xacobe e Alberte departen sobre diferentes temas da actualidade compostelá, como os novos dereitos de representación das autoridades civís en eventos públicos e relixiosos, o mal uso e a ineficacia da excomunión, a eliminación dos votos de Santiago e outros aspectos vencellados coa realidade política do Estado, dos que cabe citar as melloras do goberno constitucional e a Restauración da Constitución de Cádiz. Lingüisticamente emprega popularismos, o rexistro coloquial e a esporadicidade do seseo e da gheada.

- 7) *Dialogo Entre Dominjos e Farruco, sobre administrason de Xústicia da sua Aldea* (1820).

Este escrito tamén corresponde a Manuel Acuña Malvar. Saíu do obradoiro de Manuel Antonio Rey. Consta de catro follas e forma parte da biblioteca de Andrés Martínez–Morás y Soria. Co gallo da consulta sobre o pagamento duns recibos, o mordomo Farruco e Dominjos comentan as excesivas cargas impositivas da xurisdición santiaguesa nos habitantes e as parroquias da bisbarra, orientadas aos gastos militares. Conclúe coa defensa da Constitución en calidade de mecanismo corrector dos abusos experimentados polas parroquias.

Dende unha perspectiva lingüística, detéctase seseo e gheada, os dous trazos propios da zona xeográfica mencionada, e un léxico puro e sen moitos castellanismos. En opinión de Xosé Ramón Pena (1991), o texto é o paradigma da lingua falada no ámbito rural e semiurbano da súa época.

- 8) *Sigue la Tertulia en la Quintana, ó segundo diálogo entre los consabidos Andruco, Xácobe e Alberte* (1820).

Este texto, pertencente á biblioteca de Andrés Martínez Salazar y Soria, é de Manuel Acuña Malvar. Componse de dúas follas de tamaño folio en formato de prego.

Comeza con diferentes acontecementos non rexistrados na primeira tertulia, como o asalto á librería de Antonio Sáenz de Tejada o 17 de maio de 1814 –momento da restauración do réxime absolutista de Fernando VII–, e o roubo de obxectos valiosos perpetrado nunha igrexa por parte do anterior crego. Coa chegada de Alberte, malia falaren no terceiro folio do asalto á librería, retoma os temas tratados na primeira tertulia. Os protagonistas despídense do/a lector/a por mor de asistiren á misa.

Destaca a fidelidade á lingua popular mediante a representación de fenómenos propios do galego occidental. Poñamos por casos a forma de plural –s para as verbas agudas finalizadas en –L e –N; a ausencia de gheada, aínda que existen casos de representación deste fenómeno, e un vocabulario puro e con poucos castellanismos.

- 9) *A Parola Poléteca que tuvo un auguador cun sobriño seu Que acaba de chegar da terra tembrando, e fomegandolle os miolos de medo* (1822).

Trátase dun prego solto saído do prelo do obradoiro madrileño de Antonio Fernández. Nel, o augador e o sobriño deste, Fariña, escenifican o enfrontamento político do liberalismo e o absolutismo a través das virtudes e deficiencias tanto da Constitución como do estamento eclesiástico. Porén, os dous personaxes concordan na escasa atención do goberno aos postulados dos constitucionalistas.

Mostra abundancia de popularismos, vacilación gráfica á hora de representar o fonema postalveolar fricativo xordo; a alternancia das terminacións –ALES e –ÁS relativas ás palabras latinas rematadas en –ALE(M); o manexo da secuencia gráfica <n–> e da terminación –ós para plasmar, respectivamente, o fonema nasal velar e o plural das verbas latinas finalizadas en –ONE(M); a ausencia de gheada; a esporadicidade do seseo, e a presenza de castellanismos léxicos e morfolóxicos.

- 10) *Diálogo entre dos Labradores gallegos afligidos y un Abogado instruido, des preocupado y compasivo. Cuaderno primero al que seguirá el segundo. Contiene las principales disposiciones eclesiásticas y civiles, relativas á las que se llaman comunmente derechos de estola y pie de Altar* (1823).

Tamén denominado *O Tío Farruco*, realizouno Pedro Boado Sánchez. Veu a lume nas oficinas de Juan María de Pazos. Acolle a conversa en galego de propaganda liberal máis culta que se conserva. Nela, os labradores Francisco González e Manuel Ribera consultan determinados problemas persoais a un avogado, partidario do pagamento dos dereitos de estola e de pé de altar. Remata coa promesa do letrado de continuar informándoos acerca dos seus dereitos nunha segunda xuntanza, adiada para o día seguinte. Porén, a segunda parte do coloquio nunca se publicou.

O texto só permite coñecer en profundidade o caso de Manuel. Repárese nos diversos abusos do abade, como o pagamento dos dereitos de estola e pé de altar polos funerais da súa sogra, e tamén nas consecuencias negativas derivadas da morte dun fillo na guerra.

Mentres as intervencións dos labradores están en galego cun rexistro lingüístico máis respectuoso e coidadoso có coloquial, como se deriva da fluidez e da adaptación á psicoloxía dos personaxes, a participación do letrado é erudita, aburrida na argumentación e pedante nun primeiro momento respecto á actitude dos paisanos. Así mesmo, os labregos defínense pola cautela, a cortesía e a desconfianza, ocasionada esta última pola petición de argumentos ao avogado por escrito. Conforme avanza o diálogo muda a actitude do letrado, dende a displicencia á admiración, pola intelixencia natural demostrada polos paisanos.

11) Conversación entre dous compadres a prol da proclamación de Isabel II como raíña de España (1833).

O artigo, anónimo e enviado dende Betanzos, ofreceuse no n.º 19 (22–XI–1833) do xornal *La Estrella Galaica* (Madrid). Inclúe un diálogo dun vello e unha muller, datado o 13 de novembro de 1833, concernente ás festas acontecidas o 24 de outubro de 1833 na cidade co gallo da proclamación de Isabel II como raíña de España.

12) “Comunicado. Diálogo entre Gorecho e Mingos” (1836).

Trátase dun texto liberal, escrito nun rexistro moi cercano á oralidade, que se publicou no n.º 147 (6–VII–1836) do *Boletín Oficial de La Coruña*. Permaneceu inédito ata o ano 1886.

Glosa a conversa entre Gorecho e Mingos acerca da futura elección de procuradores ás Cortes Xerais, encargados da redacción da Constitución de 1837. Mingos contabiliza os candidatos do partido liberal coa indicación oportuna sobre a idoneidade e o tratamento dos problemas da provincia coruñesa. Termina coa remisión da listaxe de candidatos á imprenta do *Boletín*. Presenta, sobre todo, valor histórico e político.

13) *Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo, é Freitoso* (1836).

Da autoría de Vicente Turnes, saíu das dependencias de José Núñez Castaño en setembro de 1836. A acción sitúase nas proximidades de Santiago de Compostela. Principia departindo Farruco con Bartolo na Alameda cando estaban agardando por Freitoso, compadre de Farruco, que foi buscar unha conciliación co seu curmán Cristovo co obxecto de non preitear. Despois de chegaren

a un acordo Freitaso e Cristovo, reúnense tódolos personaxes con posicionamentos ideolóxicos a favor do liberalismo ou do carlismo.

O maior protagonismo recae en Farruco que, xunto aos seus compañeiros, utilizan un rexistro coloquial do galego pero sen cohesión debido á falta de unidade temática. Compendian temas da actualidade: o continuísmo nos cambios do organigrama municipal, o recibimento compostelán a Gómez, a relación Estado-Igrexa, a aparición dun xornal no que Freitaso puidese expresar as súas ideas, a intromisión da autoridade papal en asuntos terreais e a censura da actitude do xeneral Espartero verbo das tropas carlistas.

14) *La Tertulia de Picaños, Pátria del célebre y honrado Vilas, capatáz de Carreteros; Conductor de efectos estancados de la Hacienda pública; Mayordomo que ha sido del Santísimo Sacramento; de la Patrona de su Parroquia; de S. Blas; de S. Antonio y Animas; porta-estandarte en muchas y diversas procesiones sacro-profanas; individuo de varias Cofradías, con voto decisivas en ellas, etc. etc. etc. Individuos que asisten a ella: Vilas, seu fillo Farruco, Pepe, Andruco, é Catuxá* (1836).

Esta primeira Tertulia de Picaños imprimiuna o obradoiro de José Fermín Campaña y Aguayo o 31 de outubro de 1836. Intervenien os cinco personaxes reseñados no título, dos que Vilas leva o peso da narración. Conversan sobre a corrupción dos traballadores públicos nos períodos absolutistas e liberais; a rivalidade entre A Coruña e Santiago de Compostela, materializábel na petición da Audiencia ou da Capitanía Xeral e a Intendencia a favor da segunda cidade por organismos xudiciais e administrativos á Raíña Rexente; a crítica sobre o imposto de sal, e os danos á saúde, motivados polo tabaco. Así, o texto é fiel ao rexistro coloquial do galego e paradigma dun liberalismo de tipo crítico.

15) *Diálogo 2º En la Alameda de Santiago entre los mismos Cristobo, Farruco, Bartolo, Freitaso, y un Cura errante que toma parte en la conversacion* (1836).

A diferenza de Carballo Calero (1981), que atribúe a Vicente Turnes os Diálogos na Alameda e as Tertulias de Picaños, Mariño Paz (1998) manifesta que con toda probabilidade o autor deste segundo diálogo na Alameda fose Manuel Acuña Malvar. Viu a luz nas oficinas de José Fermín Campaña o 15 de novembro de 1836.

Na primeira parte do diálogo, ademais de transcribi-lo oficio do xeneral Gómez (19 de xullo de 1836), criticase negativamente o absolutismo, en concreto os compoñentes do concello carlista de Santiago de Compostela por seren estes impostos polo xeneral Gómez o 1 de xullo de 1836. Pola súa parte, a segunda parte insiste na argumentación histórica efectuada polo protagonista, o cura liberal, a fin de que os monarcas españois cuestionasen as intromisións papais en temas civís.

Neste segundo diálogo introdúcese un novo personaxe non–presente no primeiro, o cura. Deséñase co posicionamento constitucionalista, a inclinación cara ao réxime liberal e a erradicación da ignorancia do pobo galego, esta última mediante a creación dun xornal ilustrador da cidadanía. Dos cinco personaxes o cura é o único que adopta o castelán.

16) *Núm. 2.º Sigue la Tertulia de Picaños. Asistentes a ella, los Consabidos Vilas, Farruco, Pepe, Andruco, Catuxá, y un Abad recién llegado* (1836).

Safú do prelo das oficinas de José Fermín Campaña o 15 de decembro de 1836. Considérase a medio camiño entre o diálogo didáctico e o cadro dramático satírico–popular. O enfoque liberal nútrese de varios compoñentes. Por unha banda, defende a Constitución vixente e os cambios operados polo novo sistema. Por outra banda, critica o estamento eclesiástico a través da denuncia dos dereitos de estola e pé de altar.

Ós protagonistas da primeira tertulia engádese a figura do abade de fala castelá, expoñente dos tradicionalistas. Durante a conversa mantense unha oposición entre a argumentación do abade e a de Vilas, capataz dos carreiros. Remata co triunfo da dialéctica e dos datos deste último.

Salienta literariamente polo esquema da acción, a configuración das personalidades individuais e o elemental movemento escénico. Ocupa un lugar senlleiro dentro dos diálogos conservados en galego por ser o máis divertido e traballado, debido á paixón, a axilidade na discusión e a vitalidade da argumentación contra o abade absolutista. Ademais, proporciona datos acerca da bibliografía e o coñecemento da historia da cultura popular da época, de aí a enumeración dos libros pertencentes á biblioteca particular de Vilas (*Vida de Santa Genoveva, Os doce pares de Francia*, etc.).

17) *Diálogo 3.º En la Alameda de Santiago, entre los mismos Cristobo, Farruco, Bartolo, Freitoso y el Cura consabido* (1836).

Este escrito imprimiuse o 31 de decembro de 1836 nas dependencias de José Fermín Campaña. Dentro da relación de temas, Vicente Turnes aborda a crítica do absolutismo, a análise dos diferentes gobernos da Raíña Cristina e, sobre todo, a descualificación persoal do abade carlista do Concello de Santiago de Compostela por parte do coronel retirado Gerónimo Losada.

Divídese en dúas partes. Na primeira metade, amais de ser de maior interese lingüístico polo uso do galego e o “castrapo” de Freitoso, xúlganse exhaustivamente as persoas. A segunda destaca polo protagonismo do personaxe eclesiástico, de fala castelá. Dos tres *Diálogos en la Alameda*, este texto amosa maior cohesión temática, unha evolución máis lóxica e un contido actualizado.

- 18) *Parola k'houbo entre Goriño, Antelo, Farruco Allende, é Antón Terelo a tarde de carta feira d'a outra semana n'a taberna de Cacheiras, relatada o pé da letra p[o]r un urbano q[u]e à oeu agachado tras d'unha pipa; ó q[u]e viña de camiño* (1836).

Este diálogo anónimo sitúase na bisbarra compostelá en 1836, aínda que esta data non é segura. En opinión de Carballo Calero (1981), o autor sería un clérigo compostelán de tendencia carlista e partidario dos frades.

Deféndese tanto paixonal como racionalmente a ideoloxía carlista. Empeza Farruco Allende explicando a estadia durante catro días en Santiago de Compostela para vender gran. Ao mesmo tempo, censura a persecución do estamento eclesiástico, as manifestacións liberais e o estancamento da economía. Tras estes comentarios, Antón Terelo entra na conversa en calidade de representante das ideas liberais. Esta decisión conlevou o medo e o desexo de marcharen por parte dos outros contertulios. Mais Terelo convénceos para tomaren unhas copas. Finaliza de xeito abrupto, o que avala o carácter inacabado da obra.

O peso da narración recae en Goriño Antelo, paisano ilustrado e defensor da orde tradicional, quen rebate os argumentos pouco consistentes de Terelo a través da necesidade social do clero, o valor económico dos investimentos relixiosos e a articulación moral da maior parte dos compoñentes eclesiásticos. Unha vez feita a argumentación Goriño, a actitude de Antón muda do desprezo ao respecto. Termina coa perda de vitalidade argumentativa a favor do carlismo por incorrer nun reaccionarismo misóxino.

Singularízase por ser o único testemuño escrito en galego a prol do carlismo e do absolutismo. Parece un borrador pendente de revisión, pois ten anacolutos, recargamento na anotación escrita, irregularidade e, mesmo, caos na utilización tanto dos signos de puntuación como das letras maiúsculas. Mentres Antón adopta o “castrapo”, os personaxes de Farruco e Goriño botan man do galego, interferido con algunha verba e expresión castelá.

Para Mariño Paz (1998) este diálogo, a carta a un liberal, dada a coñecer o 28 de xuño de 1836 na *Estafeta de Santiago*, e, talvez, a *Tertulia de Concheiros* son os únicos testemuños do período 1812–1836 relativos á exposición e divulgación en galego do pensamento absolutista.

- 19) *A Tertulia de Concheiros. Diálogo entre Pascual, Basilio, Alberte y un cura* (1836).

Este escrito liberal saíu do prelo das oficinas de José María Paredes. Logo de ofrecer diferentes temas, como a exclaustación e os dereitos de estola e pé

de altar, promete unha nova tertulia, necesaria para coñecer o ideario do autor e sen indicación da data. Obsérvase a lingua galega, en Pascual e Alberte, e a castelá, en Basilio e o cura Clemente. Protagonizáboo o crego, que proporciona argumentos aos liberais non-susceptíbeis de seren rebatidos. O diálogo fluído e superficial no contido literario finaliza en empate, aínda que contaba cunha pequena vantaxe a favor dos absolutistas.

En palabras de Rafael Chacón (1986), este diálogo sen data, malia presentar a discrepancia entre a tipografía e a data de fundación da imprenta de Paredes, axústase á temática dos diálogos de 1836. Xa que logo, trátase da reprodución dun diálogo de 1836 desaparecido ou non-encontrado. Pola súa parte, Mariño Paz (1998) observa a moderación do signo ideolóxico, absolutista ou liberal, fronte ao resto das composicións por mor da aparición de personaxes liberais, Pascual e Basilio, a carón doutros de signo absolutista, Alberte e o crego don Clemente.

20) *O preiteante gallego. Relación que un litigante chamado Farruco, fay, ó Cura da súa Parroquia, do que lle sucedeu no tribunal da Cruña, ó ano de mil oito centos trinta é sete* (1837).

Estamos diante dun diálogo, rexistrado de forma oral e escrita, cun grande éxito editorial. Tense constancia del mediante tres testemuños. O primeiro, presente nos fondos do Museo de Pontevedra, imprimiuse nas dependencias de Rogelio Quintáns con posterioridade a 1837. Do segundo, localizado no Fondo Barreiro Fernández-López Morán, coñécense os datos do autor, a imprenta e o ano de publicación. O terceiro, incluído no Arquivo da Real Academia Galega, saíu do prelo na Coruña. A estas edicións hai que lles sumar a recollida no *Álbum de la Caridad* con diversas anotacións, como a atribución a Juan Gómez del Ferrol.

O coloquio entre Farruco e o crego da súa parroquia serve para efectuar unha sátira contra a opresión e a avariza do poder xudicial, dimensionado este último pola reflexión sobre o hábito de preitear da cidadanía galega e pola percepción de grandes cantidades de cartos para o funcionariado a cambio dos seus servizos.

21) *O litigante labrador. Relación que un litigante chamado FARRUCO, fay, ó Cura da súa Parroquia, do que lle sucedeu no tribunal da Cruña, ó ano de mil oito centos trinta e sete* (1837).

O autor, en palabras de Leandro Carré Alvarellos, era Ramón Varela Vahamonde, porque, malia non levar sinatura, a letra coincidía na copia dos parrafeos. A este respecto, Verdini Deus (1981) detívose en dúas cuestións, a datación posterior á Guerra da Independencia e a iniciación do miolo temático

por parte de Varela Vahamonde. De aí conclúese que os poemas *O pleiteante gallego*, de Juan Gómez Ferrol, e *O litigante*, de Leandro Carré Alvarelos, sexan variantes do mesmo asunto.

O cura labrador Farruco relata o que lle aconteceu na Audiencia da Coruña, a causa dun preito. Remata cunha sátira de varios membros do estamento xudicial contra un avogado, un oficial maior, outros funcionarios da Audiencia e, por extensión, a propia Administración de Xustiza e a veciñanza da Coruña.

Consonte a obra *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)* (Mariño, 2008), este escrito e *O preiteante gallego* son dúas variantes dun mesmo texto, xa que é verosímil a consideración de versión escrita desta para *O preiteante gallego*, texto coñecido por transmisión oral.

22) *Encuentro y Coloquio que tuvieron na pontella da Chainsa, cercana á vila de Noya, Gurumete, Pedro de Atanasio, é Pepe Alonso, ó día 13 de Noviembre de 1836, en que se noubrou na—quela Vila ó Auntamento Costitucional* (1837).

Saíu á luz nas dependencias de José Fermín Campaña. Reflexa a vida comunal da vida de Noia, ademais dos comentarios de tres paisanos concernentes ás eleccións locais efectuadas na mencionada vila o 13 de novembro de 1836. Resulta interesante a descrición da sociedade e da política local, incidindo na importancia de certos sectores sociais na toma de decisións.

23) “Las funciones, y el papel que hace Tirabeque” (1839).

Publicouse no n.º 185 (8–X–1839) de *Fray Gerundio*. Tras informar da vitoria isabelina sobre o bando carlista no norte de España, aínda que a esa altura continuaba resistindo no Maestrazgo o xeneral Ramón Cabrera, introdúcese o texto en galego dentro do diálogo co correspondente da Coruña coa finalidade de que este último relatase o sucedido na fronte norteña e apelase ás tropas carlistas galegas para abandonaren as armas.

24) “Diego y Cristobo” (1840).

Este texto, atribuído a Vicente Turnes, reproducíuse no nº 67 (15–XI–1851) de *El Eco de Galicia* e tamén na Parola 89 (8–VI–1886) d’*O Galiciano*. Tamén figura dentro do *Álbum de la Caridad*. Ten por obxecto criticar a corrupción electoral.

25) *Diálogo entre Silvestre Cajarabille e Domingo Magariños, labradores e veciños nas suas respetivas parroquias* (1845).

Viu a luz en 1862 na Imprenta del Hospicio Provincial, propiedade de Mariano M. y Sancho. Critícase a miseria económica e a mala administración economi-

ca de Galicia, estendida esta última ata 1853, ano no que se atenuou a crise a causa da emigración americana e da recuperación económica de España.

26) *Diálogo* (1854).

Apareceu en Pontevedra baixo a sinatura J. A. Trátase dun folleto en verso, sen título, que consta de oito páxinas numeradas e sen pé de páxina. Componse de dous diálogos. No primeiro, o párroco de Santa Justa quere que Pedro Lucés lle pague os dereitos de sepelio da finada Rosa. O segundo desenvolve a consulta a un avogado polo acto do clérigo.

Supuña unha reacción contraria a Juan Manuel Pintos Villar e, máis en concreto, á súa obra *A Gaita Gallega* ao se plasmar unha argumentación contraria aos dereitos de estola e pé de altar. Mentres o crego e o avogado empregan o castelán, Lucés un galego “bárbaro”. Este texto débese dimensionar dentro da controversia entre o autor e mais Pintos Villar, a causa da acusación de plaxio por parte deste último.

A esta listaxe de textos hai que lles sumar estoutros de datación conflitiva:

27) *Conversa entre os arrieiros Cosme da Granxa, Marcos Rielo e Roque Arán* (?).

Estamos ante outro texto de Varela Vahamonde sen seguranza da data. Chegou a nós grazas a unha copia mecanoscrita co texto referido e *O litigante labrador*, depositada na actualidade no arquivo de Xosé María Álvarez Blázquez mercé á remisión de Juan Naya Pérez en 1970. A copia mencionada ocupa unha extensión de catro páxinas manuscritas por Leandro Carré Alvarellos, que transcribiu os dous paliques doutro caderniño pertencente a Manuel Murguía, cuxa portada leva unha nota coa atribución da autoría a Varela Vahamonde.

Neste escrito, Roque Arán comunicalles a Cosme e Rielo o engano sufrido a mans duns veciños polo exceso de confianza. Polo tanto, rexístrase ton pedagóxico no consello de Cosme a Arán sobre a conveniencia de tratar con persoas máis honradas, no canto da mala xente da “taberna de Santiso”. Esta peza e maila anterior alicerzan a métrica con versos de arte menor, especialmente do romance. Por certo, Verdini Deus (1981) deixou entrever o carácter prosaico dalgúns versos, a facilidade versificadora e o coñecemento da idiosincrasia e dos costumes galegos por parte do autor.

28) *Espello de Diputados* (?).

O manuscrito, localizado na Real Academia Galega, é de datación dubidosa, aproximadamente no período 1830–1845. Consta dun exordio en prosa, dez

versos octosílabos a título introdutorio e o *Diálogo entre Cristobo Codeso e Estebo Catoira*.

A conversa sitúase en Santiago de Compostela. Nela, Estebo cóntalle a Cristobo o descoido momentáneo dos bois, coa correspondente marcha dos animais a un pasto limítrofe, a raíz dunha arroutada amorosa nun pardo cunha moza. Tras un primeiro enfrontamento co mordomo, debido aos desperfectos ocasionados polos animais, o amo, único personaxe de expresión castelá, perdóalle o despiste. Andado o tempo, o amo obtén a acta de deputado e o posterior enriquecemento fraudulento. Ao longo do texto, o autor amosa a valoración das liñaxes de poder, fronte ás novas fortunas creadas nun determinado momento, e a reacción contraria ao réxime parlamentario, concretamente a figura dos deputados.

Contén vacilación no uso do seseo e da gheada, a solución –ós á hora de formar o plural as palabras latinas terminadas en –TIONE(M), as asimilacións vocálicas e a presenza de castelanismos.

29) Parrafeo das quintas (?).

Este manuscrito anónimo e sen datar atópase nos arquivos da Real Academia Galega (Fondo Irmáns de la Iglesia) e Xosé María Álvarez Blázquez, quen o atribuíu a Florencio Pol pola temática e o estilo. Os personaxes Xulián, Freitoso e Pelonia critican as estruturas democráticas do Estado Español, dende os partidos políticos ata a constitución e o goberno, e as consecuencias negativas da prestación militar na guerra, nomeadamente a miseria económica e o desmembramento das familias.

Bibliografía

- Álvarez, Rosario e Xosé Luís Rodríguez Montederramo (2006): “Un prego solto en defensa do liberalismo: *A parola poléteca*, de 1822”, *Boletín da Real Academia Galega*, 367: 141-194 (A Coruña: Real Academia Galega).
- Aneiros Díaz, Rosa e Xosé López García (2005): “Las fórmulas dialogadas en los orígenes del periodismo en lengua gallega”, *Estudios sobre el Mensaje Periodístico*, 11: 223-242 (Madrid: Universidad Central de Madrid/Departamento de Periodismo/Servicio de Publicaciones).
- Ansede Estraviz, Alberte e Cesáreo Sánchez Iglesias (dirs.) (1996-1997): *Historia da Literatura Galega* (Vigo: A Nosa Terra e AS-PG, 5 vols.).

- Bochmann, Klaus (1992): “Valores e funcións pragmáticas dos primeiros textos en galego procedentes da Guerra de Independencia de España”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, 114: 231-238 (Vigo: Editorial Galaxia).
- Cabano Vázquez, José Ignacio (dir. e ed.) (2002): *A imprenta en Galicia. Século XIX. Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2 vols).
- Carballo Calero, R. (1967): “Diálogo de J. A.”, *Cuaderno de Estudios Gallegos*, 22: 342-345 (Santiago de Compostela: CSIC/Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos).
- Carballo Calero, R. (1981): *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)* (Vigo: Editorial Galaxia).
- Carré Aldao, E. (1903): *La literatura gallega en el siglo XIX* (A Coruña: Librería Regional de Carré).
- Chacón, R. (1983): “Contribución á bibliografía de J. M. Pintos”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, 82: 495-498 (Vigo: Editorial Galaxia).
- Chacón, R. (1984): “De novo sobre bibliografía de J. M. Pintos”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, 84: 227-237 (Vigo: Editorial Galaxia).
- Chacón, R. (1986): “Os primeiros textos en prosa. Tres novos textos”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, 93: 349-364 (Vigo: Editorial Galaxia).
- Dobarro Paz, X. M. (1994): “Inventario da produción lírica rimeiro rexurdimento (1840-1863)”, *Anuario de estudos literarios galegos*: 51-65 (Vigo: Editorial Galaxia).
- Dobarro Paz, X. M. (2000): “Vicente Turnes e a poesía aúllica”, en J. L. Rodríguez (ed.). *Estudios dedicados a Ricardo Carvalho Calero* (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia/Universidade de Santiago de Compostela, 2 vols.).
- Fandiño, AC = Fandiño, Antonio Benito (2000) [reimp. facs.]: *A casamenteira* (Ourense: Edicións Linteo).
- Fernández Salgado, X. A. (2002): *Marcial Valladares (1821-1903): lingua, literatura e folclore* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela/Facultade de Filoloxía, tese de doutoramento).
- Fernández y Neira, PG = Fernández de Neira, José (1893) [reimp. facs. da responsabilidade de Andrés Martínez]: *Proezas de Galicia explicadas baixo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote* (A Coruña).
- Fernández y Neira, PG = Fernández y Neira, José (1952) [reimp. facs., con limiar de Carlos Martínez Barbeito, da ed. de 1893]: *Proezas de Galicia* (Pontevedra: Bibliófilos Gallegos).
- García Negro, P. e A. Gómez Sánchez (1996): *A literatura galega do prerenacemento (1808-1863)*. (Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega e A Nosa Terra).

- García Negro, P. e X. M. Dobarro Paz (1984): *Aproximacións á literatura e á lingua galega* (Sada/A Coruña: Edicións do Castro).
- Hermida, C. (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).
- Iglesia, EIG = Iglesia, Antonio de la (1886): *El idioma gallego. Su antigüedad y su vida* (A Coruña: Biblioteca Gallega, 3 vols.).
- Lado Franco, M. do C. (1989): *Edición crítica da poesía dispersa de Xoán Manuel Pin-tos* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela/Facultade de Filoloxía, memoria de licenciatura).
- Mariño Paz, R. (1991): *Estudio fonético, ortográfico e morfolóxico de textos do Pre-rrexurdimento galego (1805-1837)* (Santiago de Compostela: Universidade de Santi-ago de Compostela, 2 vols., microficha).
- Mariño Paz, R. (1998): *Historia externa da lingua galega* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Mariño Paz, R. (2000): “O idioma galego na vida, na obra e na época de Juan Antonio Posse (1766-1854), Manuel Pardo de Andrade (1736-ca. 1808) e Francisco del Valle-Inclán”, *A Trabe de Ouro*, 41: 27-48 (Vigo: Editorial Galaxia).
- Mariño Paz, R. (2000): “O idioma galego na vida, na obra e na época de Juan Antonio Posse (1766-1854), Manuel Pardo de Andrade (1736-ca. 1808) e Francisco del Valle-Inclán”, *A Trabe de Ouro*, 42: 191-203 (Vigo: Editorial Galaxia).
- Mariño Paz, R. (ed.) (2008): *Papés d’emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. Base).
- Mariño Paz, R. (ed.): *Papés d’emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea* (Santiago de Compostela Consello da Cultura Galega e Instituto da Lingua Galega, col. Ensaio e Investigación).
- Murguía, DEG = Cabano Vázquez, Ignacio (1999) [reimp. facs.]: *Diccionario de es-critores gallegos* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Dirección Xeral de Promoción Cultural, ed. facsimilar).
- Pena, X. R. (1991): “Diálogo entre Dominjos e Farruco, sobre administrason da Xústicia da sua Aldea (Un texto esquecido de 1820)”, *A Trabe de Ouro*, 8: 591-595 (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Pena, X. R. (1995): “Sigue la Tertulia en la Quintana, ó segundo Dialogo entre los consa-bidos Andrúco, Xácobe é Alberte (texto esquecido de 1820)”, *A Trabe de Ouro*, 21: 117-123 (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Pena, X. R. (1996): “Dous textos esquecidos da prosa galega do século XIX”, *A Trabe de Ouro*, 27: 129-143 (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

- Tarrío Varela, A. (2000) (coord.). *Galicia. Literatura* (A Coruña: Hércules de Ediciones).
- Verdini Deus, X. (1981): *O teatro galego até o 1903 (as orixes do teatro galego contemporáneo)* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela/ Facultade de Filoloxía, memoria de licenciatura).
- Vilavedra, D. (1999): *Historia da literatura galega* (Vigo: Editorial Galaxia).
- VV. AA., AC = López Cortón, J. P. (ed.) (1862): VV. AA., *Album de la Caridad. Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico de nuestros vates gallegos contemporáneos. Edición costeada por Don José Pascual López Cortón a cuyas expensas se celebraron dichos Juegos Florales* (A Coruña: Imprenta del Hospicio Provincial).